

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VIII - Núm. 204 — 1.º Setembre 1924

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Na Cruña, mes 40 ctmos; Fora, trimestre, 1'50 pesetas.
América, trimestre, 2 ptas; Coste d' un número .15 céntimos.—Pagos adiantados.

Redacción e Administración RUA REAL 36 — 1.º

A CRUÑA

JOHÁN V. VIQUEIRA

Estando xa imprentado este número, sorpréndenos a morte d'este noso querido irmán. Escribimos, co'as bágoas nos ollos e o curazón acugulado de sentimento, estas liñas que son cativa expresión do inmenso pesar que nos afrixe. No próisimo número falaremos da súa enorme e prestixiosa persoalidade.

Enviamos à súa distinta e estimada familia, cuia desgracia compartimos, o noso pésame mais sentido e cordial.

IMPRESA MORET - CORUÑA

Adeprende ti—on cidade!—que viche pasar en silencio—non respectuoso, mais si de esquecemento—os restos venerados de Galdós.

Adeprende ti—Oh pobo!—que diches mostras d'unha ridícula dôr ante ó corpo d'un toureiro atravesado pol—as cornas vingadoras d'un touro.

Mais eu ben sei, que non era a mocidade malograda a quen chorabas.

Era à figura que despertaba a tua luxuria de sangue.

Era ao ídolo de barro feito anacos.

*
*
*

alicia!—como os pobos grandes saes representativos.
ña! que non abonda gardar baixo os poetas benamados.
ardar a súa lembranza, facendo de io.

*
*
*

ruña!—a rendir o anual homenaxe s que forón, borra por un momento, que as veces se troca en garga-do estómago.

*
*
*

horar que as bagoas lavan os mei-

poeta é unha ferida no corazón

F. ABELAIRA

IIIGO MORTO

ue estiven sen me comunicar conto; foi que me non quedou tempo

eron moitas cousas das que che rés.

non trocou nada. Nunca mellor do está igual; parece que foi onte". a esta dozura e benestar que eu se mentes de trocal-a no sería sen co pobo hespañol se revolucionadifícil pero todo é posibre.

er un ano que pasamos a millor abondo para trocal-o todo, hasta á ún pódese decatarse perfectamente.

Se convén ou non convén. Eu ar pol-a bonanza do tempo. Se in os buzos que hai mar de fondo stamos iniciados non vemos mais la che podo decir en concreto. aber pois están saindo moitos

Como sei que estás enterado de que se resolveu xá o das responsabilidades nada che podo decir que ti non seipas. Xa vés que foi resolto a satisfacción de todos e sen dificultá a pesar do barullo armado nos tempos do "viejo régimen".

¡Ah! Antes de que se me esqueza. Se alguén diche que por aquí hai desvanencias, que non imos d'acordo e que se trama algo en contra pol-os mesmos da casa, non llo creas. Desmínteo e chámalle necio.

Para che dar unha proba do adiantados que estamos e do moito que progresamos direiche que agora nos lava-

mos todos, nos limpamos as uñas, non metemos o dedo no nariz, os nenos van á escola, as estradas están que parecen alfombras e hasta ¡fíxate! en Madri, na capital da nosa Hespaña, os vehículos levan a dereita. Xá vés que estonos coloca á outura dos países mais civilizados.

Celebráronse as festas de Agosto aquí na Cruña. Estiveron expréndidas; moita xente e moita animación. O mesmo que todol-os anos houbo as acostumadas. tómbolas e charlatás con e sen barracas. A única novidade é que este ano viñeron antes de comenar o Agosto. Andivo por aquí un que tiña moita gracia. Ofrecía un Os artigo que non debía ser moi bon pois non fixo voa feira. rillotes corrían trais d'él entusiasmados pol-a presenza d'algo que non viran nunca e il entusiasmado do caraiter bullanguero da nosa cidade. Facer feira non faría pero divertir divertíuse. Estivo aquí un cruceiro alemán. Estivo aquí unha semana e os mariñeiros compenetráronse tanto co pobo que foron ouxeto dos agasallos mais grandes que teño visto. Fixéronse festas no seu honor ás que concurriu todo o pobo que se non cansaba de apraudil-os e agasallal-os. Xa sabes ti como sabe manifestarse o pobo da Cruña cando hai algo que lle agrade e se lle fai simpático. Aquí supoño que como en todas partes, sabe recibirse ben a quen o merece.

De política local estamos como nunca. Endexamais houbo tantos "fuerzas vivas" e tampouco creín eu nunca que na Cruña houbera tantos políticos honrados e persoas respetabres que sómentes se preocupan da boa administración e do progreso da poboración. Sómentes sinto que os que agora gobernan teñan que pasar á exdceencia porque eu non sei que vai ser de nós cando eles deixen de nos rexir. ¡Se víras que bós son! Non se meten con ninguén, non fuman, non teñen vicio ningún, déitanse entre lusco e fusco, unha verdadeira monada.

Así está todo tan ben-cuidadiño como si estivera nas mans da muller mais facendosa.

Cáenseme as bágoas pensando no que vou chorar cando ¡ingratos! se marchen e nos deixen sós

Nada mais d'intrés teño hoxe e deixo para o final unha pregunta que che agradeceréime contestes xá que a ti serache fácil enterárestes. Qixera saber se ao fin o Apóstol Santiago, o do cabalo branco, decídese a nos axudar na loita contra os mouros. Dille se o ves e podes fazar éo' él, que nos fai falla a súa axuda e pol-a miña parte non tendo outra cousa que lle ofrendar ofrendareille a miña devoción e o meu mais profundo agradecimento. Non deixes de me contestar.

Recibe unha vez mais o testimoño da miña amizade e cariño.

VÍCTOR CASAS

Esqueciame. O meu curmán, que ti conoces, está moi grave d'unha doenza que non ten remedio. O outro día houbo xunta de médicos e aínda que díxeron non era de perigo en coído que xá no hai salvación para él. Tarde ou cedo, mais ben cedo paréceme, o seu fin é cousa pronosticada. Xa veremos. Xa andan algúns parentes cos dentes largos agardando o herdo. Eu sinto que se vaia porque como e tan simpático, faime pasar ratos moi agradabres.

Mais neste mundo a felicidade nunca é completa e dura moi pouco.

Lea vostede "A Nosa Terra"

O NOSO IDIOMA

E O

FRADE MARTÍN SARMIENTO

No derradeiro número de BOLETÍN ARQUEOLÓGICO da Comisión provincial de Moimentos da Provincia d'Orense insértase un Mauuscrito inédito, copia auténtica d'outro autógrafo do sabio galego o benedictino Frade Martín Sarmiento.

N'iste traballo que foi sacado a lús pública pol-o cultó chantre d'a Catedral da cidade das Burgas Sr. Domínguez Fontenla, fanse as intresantes consideraciós, respecto da lingua galega e do aprendizaxe das demais, que traducimos a continuación.

"Cada nazón do mundo ten a súa lingua, anticuada para as cousas da Eirexa, que non se mama, sinon que estudíase; ou por libros, si se usan letras; ou de viva vós, por tradición de paisa fillos.

LA hebrea para os xudeus, a grega para os cismáticos, e a latina para os católicos, etc. E sendo o latín lingua anticuada para os galegos, e mais perciso que xa que non-a mamen a estudien.

Sendo bárbara crueldade e necesidade escusada que unhos forasteirós insiñen aos nenos galegos mediante a lingua española, que non deben saber, a lingua anticuada, que non saben, e castigandóos, si escapasselles algunha vós ou frase galega dasque teñen mamado.

Todo mestre de Gramática que non fose galego e erudito na lingua patria, debese excluir de ser mestre dos nenos galegos, aunque sexa un Cicerón, un Quintiniano.

Despois qu'o galeguíño sabe falar, ler, escribir e contar, o primeiro que se lle debe insiñar e a lingua galega co-a extensión posíbre, poñendóo diante dos insectos da historia natural que Dios creou no país. Os vexetabres que nacen na súa terra e os eutes artificiaes que fabricaron os homes. Todo se lles debe amostar c-o dedo. Debeselles decir o nome propio de Galicia.

Entrando de prevención coñ saber xa a lingua galega con ista amplitud, como pol-a súa casa nas linguas latina e española.

Sin iste previo e tan fácil insiño, para o que nin se precisa estudar de memoria, nin aguantal-o castigo corporal, que e falar ao aire todo xénero d'insiño, xa anticuado, xa forasteiro, sexa francés ou italiano.

Non nego que se castigue ao neno cando e por defeito moral. Nego redondamente que se lle castigue por razón do estudio, e miro con espanto fantástico iso d'estudiar de memoria *ad pedem litteræ*.

A maior parte dos que nos mandan, endexamais estudiaron de memoria dous períodos, nin os castigaron por razón de estudio."

SONETO ANTERGO

—¿Lémbraсте, corazón cando tremache
baixo o agarimo das meniñas de Ela
e nos ceos da espranza pendurache
de un fio de ilusión brillante estrela...?

Dois hoxe, corazón, escintilando
e por mans celestiaes rempuxada,
pol-o fio do amor escorregando,
ven cara a nós a estrela desexada.

E cando caía sobre as fronte nosas
feita xa unha benzón: ô ficar solo
nos espazos o fio que a sostíña,
pendurarás n-ese adibal de rosas
outro luceiro que apeteza un colo
e que lle chame a ela súa naiciña.

F. BOUZA BREY

PARA O DÍA DE MAÑÁN

Xaime e Amparo salen correndo collidos da man. Amparo cébase, párase e sospira cansa.

AMPARO.—¡Ay! Foi unha carrreira...

XAIME.—(ollando para atrás) Como que todol-os outros perdéronse de vista.

AMP.—¿Si?

XAI.—¡Bah! Xa chegarán. ¿Imos andando?

AMP.—Non; é mellor agardalos aquí, eston cansa.

XAI.—Agardemos logo. (Pausa. Ela pilla frores entre as silvas. El cavila un instante, logo) Amparo ¿e... de aquélo, decidiches?

AMP.—¿De qué? (finxindo estraneza).

XAI.—De si merezo ser feliz, moi feliz...

AMP.—Xaime, por Deus, non volvas á cavilar neso.

XAI.—¿Queréndote como te quero..? Non seas bobíña.

AMP.—O que me pides é moito, Xaime, moito.

XAI.—Ben o sei. Tanto é que para min val a miña vida enteira: toda a nosa vida consagrada ao amor.

AMP.—Ou toda a nosa vida estrozada pol-a dôr pol-o desengano se despois...

XAI.—Despois como agora, como sempre, o noso querer encherá de solermeñas ledicias o noso paso pol-o mundo, non o dudes

AMP.—Si, Xaime, te creo, porque coído que de veras me queres; mais tamén a miña pobre nai quixo con toda a sua alma á un home, e logo.

XAI.—Xúroche que no meu corazón non cabe a falsedá ¿e coidas que eu podería separarme de ti, esquecer-te? Eso nunca, nunca! Ti és a miña vida, a miña reina...

AMP.—Eu quérote moito, moito: mais este sacrificio que me pides é grande.

XAI.—Pois porque me queres moito, porque me queres con todo o teu querer, como eu te quero a ti tamén, non é un sacrificio o que che pido: é a unión das nosas almas que se buscan, que se desean...

AMP.—¡Oh! Si eu deseo ser tua, toda tua; Xaime, Xaime, as tuas palabras endoidécenme, os teus ollos escentílean e parece que me fascinan, que me queiman toda en amor...

XAI.—E a felicidade do querer é a ledicia que espande o noso espírito amante porque en amor nos consumimos. Ampariño, miña Ampariño... (atraina hacia si. Ela con un fraco movemento da sua débil voluntá sepárao c' un rogo)

AMP.—¡Oh! non, Xaime, agora non... aparta, somos aínda moi nenos...

XAI.—Somos mozos. E cando o corazón é mozo, cando arde en lumeradas de pasión é cando podemos ser felices co noso cariño. Se agora matamos o lume do noso querer, despois en van remexeremos na friaxe das cinzas. O noso amor non poderá revivir.

AMP.—Non digas eso. En sendo verdadeiro o noso cariño terá forzas para agardar.

XAI.—O que pode agardar e o que non sinte o desexo, o desacougo en que vive o verdadeiramente apasionado o tolo de amor; que no amor quer vivir fundindo a sua alma coa alma do seu amor, coma un soyo ser todo fogo, todo cariño, ou morrer.

AMP.—Non me fales así... Quero resistir e non podo... sinto que se me esvai o xuício...

(Cando os dous rapaces vanse unir nunha aberta pasional, aparez' o Sr. Braulio, que ven pol-o camiño).

BRAULIO.—Perdón, rapaces, ¿estraviáchevos quizais no camiño?

XAI.—Non señor, gracias.

BRAU.—Como iba un fato de rapazas e rapaces berrando por vos, alí adiante pol-a fraga coidei...

AMP.—É verdá, andarannos buscando.

XAI.—Logo os atoparemos.

BRAU.—¿Sodes noivos quizais?

XAI.—¿E á vostede que lle importa?

AMP.—Que vergonza.

BRAU.—Por min non me interesa certamente Mais se o sodes, pol-o propio voso interés tal vez poidera darvos un consello.

AMP.—Imonos, Xaime imonos.

XAI.—Agradécémolle a voa intención; pero non ten necesidá de se molestar.

BRAU.—Non: se non é molestia... Vouvol-o dicir. E' unha necesidade do meu espírito o que me obriga a vos falar, O que fai que repita adoito á todol-os rapaces este consello.

AMP.—¿Será un tolo?

XAI.—Vólvolle á decir...

BRAU.—Duas palabras sômente. Dispois pensade o que queirades de min, mais escoitádeme.

XAI.—¿Pretende facer moña de nós?

BRAU.—Os meus cabelos, a miña figura, non lle farán cavilar eso ¿E que hay motivo de bulras nos seus feitos?

AMP.—Oh, Xaime imonos.

BRAU.—Non se vaia. rapaciña feiteiceira. Escóiteme. que pol-o seu ben quero falar.

XAI.—Siga o seu camiño e deixe en paz á quen non se mete con vostede.

BRAU.—Non é miña intención molestarlles na mais pequena cousa.

XAI.—Diga daquela xa que non hay mais remedio que ouvílo e remate logo.

BRAU.—Ben vedes que son un vello. Os meus cabelos branqnexaron. As miñas faceiras encherónse de sulcos e de rugas e non foron os anos os que tales regos cavaron. Mais que o tempo, as mágoas da nosa alma múrchannos, avellentannos.

XAI.—¿E que temos nós coas suas mágoas?

AMP.—Pobre home.

BRAU.—Coas mágoas nada, certamente nada.

XAI.—Daquela.

BRAU.—Escoitade. Eu coma vos tamén fun mozo, tamén amei e entregueime por enteiro ao meu querer, sen pensar en nada mais, sen me preocupar pol-a vida, sen preparar cousa algunha para o día de mañán.

XAI.—O amor e así, todo pasión, pasión que enche por enteiro a nosa existencia.

BRAU.—Pero chegou un día en que a ledicia trocouse en desacougo, a felicidade en acedume... a nosa pasión o noso querer froitificou... Eu era un rapaz aínda, como voste: sentínme sen medios nen alenín para cumprir co meu deber; tomeille medo á vida, e fuxín, fuxín coma un criminal caladamente...

AMP.—¡Fuxiu!

BRAU.—É un crimen foi o meu ¡ben que me ten roído as entranas!

AMP.—Xaime, Xaime, escoita.

XAI.—Este home é tolo.

BRAU.—Nos primeiros tempos, satisfeito de me ter librado d' aquel mal paso, non pensei mais que en abrimme camiño na vida. Tiven pouca sorte. Endexamais me coidara gran cousa de estudar, de me procurar unha posición, de me facer un nome, porque nunca cavilara mais que no amor, nunca pensei noutra felicidade que na felicidade de me unir nun bico de pasión coa miña noiva.

XAI.—¿E que outra felicidade maior?

AMP.—¡Xaimel!

BRAU.—¡Oh! Si, existe certamente. Eu quixen inda que un pouco tarde, reparar o mal que tiña causado, e dar cumprimento tamén a unha arela que encomencei á sentir conforme fun sendo home, cando o meu cerebro á forza de pensar, de maxinar frente á vida na loita pol-a eistencia, foise decattando do que son para nós as xentes propias

as estranas, os da mesma raza e os derazas alleas...

AMP. — ¿E daquela lembrouse dos que deixara?

BRAU. — E sentín cobiza do amor que perdera, e tamén o temor de cavilar que quizais o meu fillo esquecido, abandonado pol-o pai, poidera criarse en condicións pouco favorabres para o día de mañán.

AMP. — Coitado.

BRAU. — Un caos de pensamentos foscos torturáronme e tivéronme desacougado mentras escribin areloso pedindo noticias.

AMP. — ¿E tívoas?

BRAU. — Non tiven. Nada logrei saber.

AMP. — ¿Daquela?

BRAU. — Ou morreron ou non quixeron responderme. Taméit poideran ser interceptadas as miñas cartas...

X A I. — ¿E ben?

BRAU. — E daquela traballei, aforrei, empeñeime mais en poder voltar á Terra. Cobizoso de agarimo, e intranquilo pol-a sorte do meu fillo, sentín tamén a saudade pol-a terra lonxana.

AMP. — Que pena debe ser o verse así alonxado dos seus, e con sentimentos roendo no peito... Xaime, escoita ben...

X A I. — Xa escoito.

BRAU. — E' unha grande pena. Pero o que volva con todo o querer da ausencia gardado no corazón, e ao chegar atópase como un estrano na propia Terra, sofre mais aínda, moito mais...

AMP. — ¿E vosté?

X A I. — Non atopou o que viña buscar, e agora anda errante, sempre á procura ¿non ves?

BRAU. — Non, rapaz, non. Soupen que miña noiva morreu. Ninguén puido dicirme o que foi do fillo; quizais finou coa nai.

AMP. — Pobre.

X A I. — Por eso aconséllanos...

BRAU. — Agarda: Vin tamén que a miña Terra non é o que debera ser, o que ten dereito á ser, quizais porque os galegos fóronse contaminando coa mestura de xentes estranas, quizais porque a mocidade emigra querendo abrirse camiño na vida e parecéndoque noutras terras ten mais campo.

X A I. — É así é.

BRAU. — Porque ninguén se coida de preparar o propio chan... Tal vez porque coma min, a xuventude non se coida mais que d' esa efímera felicidade do amor, que impide frorecer as grandes empresas artísticas ou sociais, que inutiliza aos mozos para laborar pol-o ben da Terra que é o propio ben...

X A I. — Cando se ama, solo de amar se vive.

BRAU. — Por eso eu dígovos, rapaces, está ben que vos queirades. O amor é subríme sentimento cando é puro, mais dígovos tamén: esixide sempre ao voso noivo como proba do seu querer unha mostra de que pode asegurar a vida da futura familia, e preguntádelle tamén que é o que fixo en ben da sua Terra, que será en ben dos propios fillos o día de mañán.

X A I. — ¡Oh, eso!

AMP. — Ten razón este home, Xaime.

BRAU. — E a loita pol-a vida será mais intensa e sopartarase mellor, porque o premio é aquel tesouro de cariña cobizado que, daquela si, será felicidade poseer.

AMP. — Oh, si, Xaime, é verdade.

X A I. — Ben.

BRAU. — Ese é o meu consello, rapaces, seguídeo que non vos pesará ¡ogallá eu tivera quen me aconsellara así, e non levaría esta mágua no corazón.

AMP. — Xaime, se che digo unha idea... este home non sei por qué éme simpático...

X A I. — Será pol-o consello.

AMP. — Non. Outra cousa... non sei, ¡se fose meu pai!

X A I. — ¡Estas tola!

AMP. — Dígame, señor ¡vostede chámase Braulio Abeledo?

BRAU. — ¿Conócesme?

AMP. — Pois eu... eu son... Amparo.

BRAU. — ¡Amparo da Veiga!

AMP. — Si.

BRAU. — ¡Oh, filla!

AMP. — ¡Meu pai!

BRAU. — ¡Que sorte, que felicidade! Se debín supñoelo ¡soméllaste tanto á tua nai! mais estes meus ollos xa non ven ben, e logo, non sei por qué estaba na idea de que era un rapaz... ¡Oh! que contento estou... ¿E como vives ti? Con quen vives? ¡Filla, filla! canto teño chorado a miña falta... (transición) Rapaz... se o seu amor é verdadeiro, á traballar para merecela; á labor pol-o ben da Terra, como poida, como seipa, coa idea, ou coa pruma, coa acción ou coa palabra, que laborar pol-a Terra é laborar pol-o ben dos fillos propios. para despois, para o día de mañán...

LEANDRO CARRÉ

Pra "Ramoza"

Escribín as seguintes verbas con intencións de non entablar polémica, e si somentes de faguer un comentario suxerido pol-o seu artigo, publicado no derradeiro número d' «A Nosa Terra».

O dito artigo di no seu párrafo último:

«¿Non podemos nós por medio do futbol o darnos a coñecer fundamenté no mundo civilizado?»

Y-eu penso: non podemos nin debemos. Tales son as concrusións que saquei, despois de darlle voltas no meu miolo, a sua pregunta.

Non podemos, porque o futbol carece de fundamento como mostra de civilización; non ten tampouco o suficiente mérito pra q' o "mundo civilizado" nos reciba e teña en conta por meio d' el.

Non podemos, porque o "mundo civilizado", fíxese ben civilizado, non ademite no seu seo un xogo que traí consigo, a pormesa d' un enxendro d' odios: d' un enxendro de rivalidades y-enemistades entros pobos; d' un xogo no q' a xuventude gasta a sua inapreciable fortaleza e entusiasmo, sin beneficio práuteo pra Humanidade.

Non podemos, porque é o futbol un xogo que fai desenrolar as pasións nos espectadores, de xeito que vosté sabe d' abondo, e causa de q' os hirmans se volten trogloditas facilmente.

Non debemos Sr. Ramoza, porque os efectos do futbol non son mais que pasaxeiros y-elo non nos daría a coñecer "fundamente" no "mundo civilizado".

Pódese falar durante unha semana. ou duas, si vosté o quer, d' unha razón, cuyo equipo de futbol faga bô papel no extranxeiro, pódese gabar a sua pericia, a sua maestría; pro ¿pódese xuzgar por isto o grado de civilización que ten ise pobo? Parécemo que non. E pasados ises quince días, acabouse; xa non se fala mais d' ise pobo cuos xogadores tan bô papel figueron,

Podemos, pois, ademitilo como meio de propaganda; pro nada mais; hay que deixalo ausolutamente, como meio pra darse a conecer unha razón.

Dígame vosté en troquee, si nosa xuventude, a galega, a di' ista terra meiga q' adouro con ledicia tola, estivere encamiñada por derroteiros compretamente distintos; si empregase o seu tempo y-o entusiasmo e vigor d' a sua xuventude, en buscar nos libros ilustración e cultura, si tivera interés por sobresalir nas letras; se utilizase a sua habilidade en prasmear no lenzo ou na madeira; ou no

marmo; ou no bronce as fantasías d'o seu maxín; ¿non sería iste un meio de darnos a conocer no "mundo civilizado" de maneira fonda, de maneira que quedase prepetuada a través dos sigros, e q'obrigase a falar con respecto e admiración infinitas, da nosa Galiza querida?

¡Oul miña Nai Terra, si a tua xuventude s'entusiasmase cos libros, ¿non iba a ser meirande a tua personalidade artística, en calquer da suas manifestaciós?

Lástema, e lástema grande, que tendo Galiza homes de tanto valer intelectual, e talento de tan sólido prestixio, nan dediquen unha parte das suas autvidades, en darlle unha boa direución a xuventude das catro provincias galegas; xuventude que s'está perdendo, que s'está malogrando. Porque hay un pobo: Compostela no q'a xuventude é encamiñada ben; pro xa sabemos pol-o que é.

Pro no resto da Galiza están perdéndose inapreciables tesouros de mentalidade xuvenil, que poideran darlle días de gloria meirande; que a farían entrar fundamente no mundo civilizado", pol-a forza irresistible da sua cultura, da sua personalidade artística, e do seu valer.

E istes serían recordos imperecedeiros; vestixios que non se borrarian con toda a fonda aución do tempo. E isto, é o que nos poría n-outo lugar espiritual.

Y-o meu entender, isto é o que faría ceibe a nosa amada Galiza; porque non nos fariamos nós; fariannos os irmaos d'afora: q'a cultura é liberdade.

Por outra parte, teña vosté a seguridade que, tant'os checos, com'os exipcios, han de sentir mais orgulo cando nomean os seus grandes homes, que cando sai da casa o seu equipo nacional do futbol; han de sentirse mais honrados cando o-seus homes de valer outeñen unha distinción no extranxeiro, que cando o seu equipo gana un partido. Y-en fin de contas, os talentos y-os homes cultos e sabios, han de faguer grandes a isas naciós, e non os equipos do futbol.

Pol-o demais, non deixa de ser satisfactorio, coma vosté dí, o que nas prazas d'as aldeas, os rapaces queiran xogar o futbol, pois sempre fan exercicio, co fin y-o cabo, algo os beneficia fisicamente.

A pesar do cal, non encontro eu no futbol, o meio mais completo pr'on desenrolo físico ausoluto, e pra un melloramento da Raza ademais que sempre vexo n-il, algunha manifestación de brutalidade por parte d'un ou varios dos xogadores, a quenes lle say o animal ao exterior moy aixiña.

Un bô método de ximnasia o aire libre, obrigatorio en todol-os centros docentes, e aínda fora d-iles, coído que beneficiaría a nosa raza, bastante mais q'a práuteca d'iste xogo, cuyas consecuencia por veces fatales, lamentámolas n'amigos, e coñecidos, do tronco ou estremidades esmendrelladas. quenes n'algún tempo, foron escravos, d'ise deporte inglés que, pra que sexa bonito e guste, é perciso xogalo ben

ALEXANDRO

Ourense, Xulio d'o 1924.

Todol-os que se chamen bos galegos deben lér e progagar

A NOSA TERRA

Duas notas de Cultura

Con fonda compracencia e satisfaiçión temos de rexistral-as. Son elas a inauguración d'unha seición galaico portuguesa ne biblioteca do Consulado e a da biblioteca pública colocada no Paseo do Relleno ao pé do moimento a Conceición Arenal e como homenaxe a excelsa pensadora galega. Pol-a prensa cotidian enteráronse os nosos lectores das duas gratas novas. Nos queremos somentes expresar o agrado con que ollamos tales feitos que ao noso xufcio son reveladores do grado cultural da capital da'nosa terra.

Con respecto a biblioteca galaico-portuguesa ben conoído é o noso pensamento encol de canto refirase a aproximación de galegos e portugueses irmans en todo aínda que políticamente arredados. Este e un homenaxe a nobre Lusitania, que cantou o bardo en pago dos moitos que nos levan feito e a cotio nos veñen facendo. A continuar pol-o mesmo camiño que e reialmente o que se non deben abandonar nunca.

O homenaxe a Conceición Arenal énchenos o mesmo de ledicia.

Sabido e o seu valer e como supo honrar de cote a terra onde naceu que vai sempre aparellada ao excelso nome da ilustre penalista. Por medio de biblioteca adprenderán todos a estudar a su obra humanitaria e santa.

A nosa felicitación mais cordial e o noso aprauso mais entusiasta aos organizadores dos aitos que poñen moi outo o nome da capital de Galicia.

Parécenos tamén moi ben a idea do semanario «Finis Terre» de que se poñan bibliotecas nos moimentos a Curros ea Pardo Bazán para que sirva de exemplo aos demais pobos galegos e que cheguemos a pouco tempo a ver en todol-os pobos de Galicia onde haxa un moimento a un galego ilustre, ao pé dél, unha biblioteca pública con todal-as suas obras. E cousa de fácil realización e mais que nada de poñerse a facel-o.

Confiamos en que a cousa non caerá no valeiro.

OS VIÑOS GALEGOS

Istes viños, branco e mouro,

son da Terriña o tesouro.

Xa dos da Arnoya decían

os romanos que debían

beberse por copa d'ouro.

OS QUINTOS

Foron pr'a guerra porqu'ir os mandaban,

e por xenreira qu'eles non sentían

mataron iñorando a que mataban;

morreron sin saber por qué morrían.

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS

A nosa cultura e a nosa arte

Festa da língua galega

Celebrouse o día 26 de Santiago, en Compostela, a anunciada Festa da Língua Galega que foi un grande éxito para os organizadores e un trunfo mais da nosa ideoloxía que se vai impondo por convicción.

A banda municipal executou a antiga marcha Real Galega que foi moi apraudida. Despois foron abertas as plicas dos traballos premiados e proclamado o nome do poeta D. Eladio Rodríguez González, ao que lle foi concedido o premio de honra.

O Sr. Rodríguez González deu lectura á súa fermosa poesía «Oracións Campesiñas», que publicamos n-este mesmo número, recibindo unha formidabre ovación.

Logo, o Sr. Fernández, autor da muiñeira premiada, executou ésta ao piano, sendo moi apraudido e véndose precisado, a requerimentos do público, a interpretar outra composición da que tamén é autor, que lle valeu novos e calurosos aprausos.

A «Cántiga galega» con letra de Rosalía, orixinal do mestre D. Mauricio Farto, que é inspiradísima foi cantada pol-o notabre barítono Sr. Alvarez, acompañado ao piano pol-a eminente pianista Rosiña López Comunión, recibindo ambos entusiastas aprausos.

O mantedor D. Salvador Cabeza de León, falou, naturalmente en galego, pronunciando un fermosísimo discurso, no que trata do amor á Terra como xenerador dos grandes feitos que realizan os pobos, considerandoo, coma formas variadas, en tres ilustres galegos: D. Diego Cernadas, abade de Fruime, o P. Seguin e Frai Martín Sarmiento.

Do primeiro, ao que chama «guerrilleiro da pruma», reproduce algunhas das sátiras escritas en resposta de aldraxes á Galicia, aos que respondía sempre en canto chegaban ás súas mans.

Estuda tamén a súa persoalidade como historiador e as polémicas que sostivo co P. Flórez, co analista Huerta, e co P. Mariana, polémicas ás que foi de cote levado pol-o seu «todo entusiasmo» pol-a Terra, que é o principal interés das súas obras.

Falou do P. Seguin, un místico que reconece todas as gabanzas que pode imaxinar unha fantasía chea de fogo nun libro adicado a ensalzar á Galicia.

Referíndose ao P. Sarmiento, láyase de que a maor parte da súa obra esté aínda inédita. Mais—di—abonda o publicado para xusgar da idolatría que Sarmiento sentiu por Galicia. Nel viven ardentes a súa pasión pol-a cultura e o seu amor á Terra.

Fai notar que estes tres galegos viviron en tempos desventurados para Galicia, nos que a cada pasó era preciso saír ao encontro do aldraxe, da calunia, da ñorancia...

Romata facendo resaltar a importancia d'a festa organiza pol-a Liga de Amigos, para o renacemento da

vida galega, que adquire cada día maor puxanza e invoca o amor a Galicia para laborar pol-o seu engrandecemento, e lembrando a nosa Santa Rosalía, que debe ser a patrona de quen a muller galega debe adprender a sagrada lección do amor á Terra.

Unha formidabre ovación foi o coroamento do fermoso discurso.

A festa romatou co Himno Galego executado pol-a banda que foi escoitado en pe.

*
**

N'este importante certame que para ven da nosa cultura e da nosa arte debérase repetir todol-os anos outiveron premios o nosos amigos D. Eladio Rodríguez González, D. Vicente Risco, D. Eugenio Carré Aldao, D. Mauricio Farto, D. Leandro Carré Alvarellos e D. Anxel del Castillo a quenes enviamos a nosa felicitación mais entusiasta o mesmo que aos organizadores e cantos n,él tomaron parte xá que realizaron unha obra interesantísima en proveito da nosa Galicia.

Eis unha gran maneira de traballar pola Terra.

ESTRELIÑA

*A lus do teu sorrir, que o mar espella,
eu queroche contar rosa garrida
rosiña do alto ceu, rosa bermella,
o segredo fatal da miña vida.*

*Eu querocho contar, mais ti ben sabes
este remorso crú que levo dentro,
pois tes no cinto pendurando as chaves
que son do mundo corazón e centro.*

*Estreliña que vexo pol-as noites
palpebrejar no fondo azul do ceu,
de cote agarimosa aínda que escoites
trepidar a formenta no meu seo;
eu queroche contar
meu agudo penar...*

*Xa sei que d'esa altura iodo ves
canto sucede na mansión humana,
e que sempre me miras a través,
dos vidros transparentes da ventana,
pero ti tamén sabes o consolo
que causa no afrixido corazón
abandonarse nun fraterno colo
fancendo unha sincera confesión.*

*Estreliña estreliña,
fror do ceu feiticeira,
que de noite me asexas pol-a miña,
desfachada vidreira,
escoita a miña confesión, escoita,
escóitame con calma,
e pon c'o teu sorrir remate a loita
que remexe a miña alma.*

GONZALO LÓPEZ ABENTE

O ANELO

Por Wenceslao Fernández Flórez

Entrou Luisa, ergueu un pouco a cabeza para miralo c' unha compracencia contida no fondo dos seus ollos sereos. Doña Soledad suspenden o manexo da longa agulla con que urdía unha labor de crochet. Tendeulle el a sua man.

—Ben, ¿e vostede, Ernesto?

Sentouse el n-unha silla baixa, perto da rapaza. Olláronse, sorrindo. Houbo un instante de curtedade, que el consagrón a se quitare escrupulosamente os guantes que, ao facer a diaria visita, nunca faltaban nas suas mans un pouco disformes. Parecía realzar así a sua traza vulgar. Moitas noites denantes de petar co aldabón, detíase ante a porta para subsanar o esquecemento de se enguantare. Agora doblounos, gardounos, cuidadoso. A sua noiva voltou a baixar a cabeza sobre a labor, e pronunciou a primeira frase sacrosanta da conversa, e' un ton que o cariño facía confidencial-de segredo.

—¿Qué hai?

—Nada.

Nada. Endexamais socedía nada transcendental; a oficina, o paseo e a espera impacente a que chegara a hora de ver a Luisa. Os domingos alteirábase algo a monotonia prácida da vida. El camiñaba fachendoso a carón da sua noiva, afermado, co sobreiro tres veces reformado, co traxeciño único de paseo cuia longa vida sabía remozar a xoven con algún mañoso ardil. Gozaba, daquela, intensamente con mil minucias. A veces era un estrevido que piropeaba a Luisa; a veces que o xefe do negociado; ao se cruzare co' eles erguía un milímetro o chapeo; todo parecíalle elevar a sua pequenez, en presencia da noiva. Andaban e andaban e ao voltar, Luisa tiña unha sana còr no rosto e doña Soledad deixábase caer, fatigadísima, no diván onde as molas cortaban o pano; e el saía c' un grande contentamento na alma, cuia visibre tradución era o rápede molinete feito co seu bastón de aramio.

Caía agora por riba d' eles a luz da bombilla que brillaba eedtro da vella lámpara de petróleo, pendurada do teito. O amor non alteiraba a solene quietude; o seu bisbiseo tiña o son do rezo. Un instante ouviase o roer da polilla na mesa de pino; logo retumbaba un carro na rua mal empedrada... Doña Soledad gardaba o seu constante xesto de preocupación mentres bulían na labor as suas mans osudas e iba movendo os beizos, contando en silencio os puntos do crochet.

Falaba Ernesto:

—¿Sabes? Escribume don Manuel.

—¿Escribiu?

—Si pero temos que agardar. ¡Hasta Xunio... medio ano máis! En Xunio asegúrame que ascenderei.

Ela fitábase, xubilosa. Sorriu. Calaron un segundo, e a voz d' ela alentadora e tenra, ofreceu:

—Agardaremos, querémonos d' abondo para agardar, ¿nonsí?

Colléu el a sua man n-unha muda gratitudade. Ademais de adourar a cariña moura e os negros ollos e o corpo lanzai adouraba en Luisa algo de superioridade de espírito, certa intuición de elegancia que eistía n-ela, acaso como impresión do lonxanos tempos de prosperidade. Recibía Ernesto o seu cariño con homildade de reconecimento

con sumisión de inferior que a veces o cohibía supetamente ante a noiva.

Houbera bicado aquela man delgada e morna, que agora aloumiñaba entre as suas. Inerinouse sobre d' ela; pregunton de súpeto, estranado:

—¿E o anelo? Non levas o onelo.

Enroxeceu a rapaza, coma se todo o sangue acodise às suas meixelas soaves. Afirmou balbuciente:

—Non... hoxe non... Gardeina.

E houbo tal turbación no seu rosto, tal tremer na sua voz, que Ernesto fitouna, solprendido. Ela retirou a man, agachándoa baixo a tea da labor, nun ademan instintivo de azoramento.

Fora un regalo de Ernesto, o anelo de ouro. Meses antes, no aniversario do seu noivado, leváralo el nun estuchiño coquetón. A inicial de Luisa estaba formada sobre o metal c' uns diamantiños minúsculos, e era tamén a única alaxa da amada. Ao recibila, ela reprimira a sua ledicia, para lle dicir:

—Pero esto é demais, Ernesto: é un sacrificio teu que eu non sei...

E el, roxo de dita, interrompíralle:

—¡Oh!, non creas; houbera desexado ofrecerche moito mais!

É a escena vulgar romatou c' un bico.

Ernesto voltou a preguntar, agora un pouco serio.

—¿Onde está o anelo?

—Gardeino.

Había algo de súplica e de anguria na voz da xoven: unha anguria sutil. O noivo sentiu unha estrana inque-danza receosa. Esixiu foscamente:

—Amóstrama.

—¿Para qué?

—¡Amóstrama!

Luisa incrinouse sobor da labor sen lle respondere. Doña Soledad cesou no seu traballo. Volveuse a ouvir o ruído da polilla roendo na madeira da mesa. Ernesto insistiu, sentindo medrar un impreciso presentimento:

—¿Por qué a gardaches?

Non erguéu ela o rosto. Responden en voz moi baixa:

—Caéronlle unhas pedras...; mandareina a un xoyeiro.

—Non é certo; tí non tés o anelo. Confésao.

Estaba un pouca pálido; sospeitaba non sabía que mal para o seu querer. Luisa, definitivamente vencida, calóu. Agardou un momento; logo ergueuse, ofendido por aquel silencio.

—Está ben — dixo: — ireime.

Maquinalmente sacou os guantes. Calzounos de vagar, confiando en que a sua actitude vencería á rapaza. Luisa se non movéu. Chegouse novamente, bruscamente, nun arrebatado de despeito, para lle dicir:

—Non voltarei hastra que o confeses.

E deu un paso. Doña Soledad incorporou un pouco o busto na sillíña: a sua voz cansa ergueuse c' un son de tristura:

Agarde vostede, Ernesto.

El detívose un pouco asombrado; doña Soledad enco-menzou a decir, vagarosamente:

—Luisa non ten o anelo... Oínlles a vostedes... Pero eu non quero que a inculpe... Nós, xa ve vostede... a pensión é pequena... Vostede non sabe que nós traballamos, que cosemos... Luisa non quixo que o soupera vostede, Ernesto... antonte non tivemos diñeiro; é unha mala época... Antonte, Luisa non quixo que eu non probase mantenza ese día... Fixoo sen o eu saber... reñiulle... o anelo...

Doña Soledad baixou ao chan os seus ollos que tiñan unha veira roxiza: treméu un pouco mais a sua voz:

O anelo... está empeñado, Ernesto.

Luisa botouse no regazo naiçño; estalaron os seus saloucos na quietude da estancia. Todo o seu corpo, asoellado era abalado pol-a anguria d' un hipo nervoso. Doña Soledad puxo as suas mans frias na pobre cabeza acongoxada, c' un ademán de consolo e de agarimo. Aínda añadiu:

—Mais o anelo voltará. Perdóenos vostede... o lus cobrare a pensión e o primeiro diñeiro será para o rescate do anelo... inda que nos estreitemos un pouco... o lus sen falta...

Bicou á filla. Ernesto sentíu un frío sutil correr por todo o seu corpo, coma unha fonda congoxa sentíu crecer unha enorme piedade na sua alma; notóu subiro seu querer aos ollos en vágoas e ao curazón en saloucos. Adiantouse on pouco c' unha santa emoción que nubrava a sua voz: tivo un desexo vehemente de se axoellar el tamén, de agacharse á chorar no regazo da vella unha pena moi grande, moi grande, e sintir sobor da sua cabeza a frialdade da man agarimadora, e chamarlle coa voz de toda a sua piedade e de toda a sua anguria:

—¡Miña nai: pobre miña nai!

Encol do agrarismo

Sabida e a aitude rebelde e civica dos agrarios galegos nos derradeiros anos e mais aínda e xá d'unha maneira radical que parecía o comenzo da solución dos seus diferentes e ancestrales probremas, no pasado ano. O agrarismo galego foi tomando unha forza verdadeiramente asoballante n'estes derradeiros tempos manifestada diferentes veces de xeito indubidoso unha d'elas nas derradeiras eleccións celebradas onde tomaron unha parte moi activa especialmente os da provincia de Pontevedra que se manifestaron como un movemento de liberación ao que xá se lle non podía contentar e engadar con promesas senpre incumpridas. Iban eles pola sua man a resolver os seus probremas. Os que de cote pensamos e adicámonos a traballar con ardor pol-a causa de Galicia coidabamos, ante os feitos que así o facían supoñer, que a solución viña xá e viña de onde tiña que vir. Do agro que e a arca santa que garda e soupo conservar, ante a indiferencia e antipatriotismo das vilas, as modalidades e virtudes da nosa raza. Coidábase que o mandato do precursor, Alfredo Braña, iba ter efecto.

Mais ¡qué desilusión! O espectáculo que agora veñen dando os habitantes do agro galego non pode ser mais desconsolador e triste. Co'a sua aitude actual parece ser que non existía aquela forza e aquela idealidade que antes viña a ser o seu mais preciado tesouro.

D'unha rebeldía de leós, diferentes veces manifestada, pasaron de repente a unha mansedume de ovellas que nunca creímos.

¿Que foi d'aquela forza? ¿Qué d'aquelas posturas rebeldes e valentes nas que confiábamos?. ¿E que se resolveron xá os seus probremas con que non manden os que mandaban?. ¡Pobres agrarios galegos!. Bicando as mads e rendendo pretesía a quen nada fixo por eles. Desenvolvéndose n'unha aitude indina e desesperante que non esta en consonancia co caraiter que debe ter un movemento tan nobre e xeneroso como debe ser reivindicación dos dereitos do agro de Galicia.

Non me resino a creer que morrera xá aquel «partido verde» que tomou unha intensa forza no derradeiros tempos plasmando en realidades concretas a solución dos seus probremas, das suas necesidades. Debe haber algo que impida a sua libre expansión. Os tempos non axudan, pero e que ademais, e débese aproveitar este momento de repouso forzado, o moimento agrario galego ten que facer algo que de non o facer axiña pode acarrearlle graves e grandes perxucios. Paréceme o mais urxente e preciso o trocar de directores. Eles son principalmente os que mais culpa teñen da situación actual do movemento agrario. Así como éste foi medrando fóronse tamén acaroando a él homes de moitos campos, incluso dos mais caciquis, pretendendo facer un partido ao seu xeito e comenencia. Así en algún momento faláron pol-os agrarios galegos d'unxeito que eles mesmos repudiarían ou deberan repudiar. E esto e o que hai que impedir. Urxe facer unha limpeza e que falen os agrarios por eles mesmo que se abondan a si sós sen precisar de ninguén. E ¡tamén por Deus! non tomar aitudes e facer manifestacións, obrigados polos tempos, que non son os que conveñen ao moimento polo seu caraiter. Preferíbre e adoutar unha postura expectativa e deixar que outra vez volva a reinar o bon tempo.

Cando este chegue, veña novamente o agrarismo a facer valer os seus dereitos que son tamén os da nosa Galicia.

Pero non con mixtificacións rebaixantes. Abóndalles co-a sua forza e co'a siñificación do seu mouimento. Non soltar acaer no angado.

O agrarismo galego non será nunca nada, mentras non faja o que fixo o agrarismo irlandés que chegou a conquistar o que desexaba gracias a sua tenacidade e aitude sempre rebelde e valente.

E xá que o problema agrario galego téñ algunha semellanza co irlandés, éste debe servir de espello e de norma para a autuación dos agrarios da nosa terra.

E adoutar o sistema que eles adoutaron que probada esta a sua eficacia xá que foi o conqurimento da solución do problema agrario no país irmán.

D'este xeito o agrarismo galego poderá ser aínda unha xurdía esperanza prometidora d'un glorioso porvir. Ese é o camiño se de veras e certo que existe un gran moimento agrario en Galicia. E a bandeira o mandato de Brañas.

Ergue, labrego
Erguete e anda
Como en Irlanda.
Como en Irlanda

V. C.

Próximamente sairá o primsiro número de

« L A R »

ORACIÓNS CAMPESIÑAS



Poesía que outivo o premio de honor no Certamen de literatura, organizado pol-a "Liga de Amigos" de Santiago.

Todo o campo á unha oración

Quixera que os meus versos
cheirasen a terra húmeda,
unxida e consagrada
no vello e santo rito das decruás:
no rito do traballo,
que é rito de fartura
y-é rezo relixioso e aloumiñante
d'unha nova liturxia
que nos atraí con voz de sementeiras
e nos quenta con líricas quenturas.

Quixera que os meus versos
sonasen sempre a cántigas barudas:
a cántigas de aixadas
que arrincan o terrós nas cavaduras,
y-a oraciós campesiñas que dispoixas
d'adeprendidas non s'esquencen nunca,
porque falan d'espigas.
e de anadas fecundas
que levan moita vida os cabaceiros.
e levan gran as tullas,
e levan agarimo os lares probes
e levan pan as huchas...

Quixera que os meus versos
en arroutadas d' emoción profunda,
tivesen oraciós de atardeceres
entr'as estrofas suas,
e laios de alalalaas que alá o lonxe
morren mainiños n'unha nota única...
Quixera que en ofrenda
a meiga Nai Natura
recoliesen o sagro misticismo
de maxestade augusta
do campo, a bonanoite,
cando o día esmorece e se amortuxa
cando o lirismo chouta pol-as veigas,
cando as copras garulan
ledas e graleantes,
E cando o lusco e fusco anda a procura
do Acougo e do Misterio
pra botarse a durmir nas espesuras...

Quixera que os meus versos
entrasen nas casupas
homildes das aldeas,
a esa hora sagra das reunións nouturnas
en que a cociña é un tempo
de ceremonias rústicas
y-en que a lus morriñenta
s'envolve no mantelo da parruma;
y-alí, o pe da lareira, o amor do lume,
entramentras gurgulla
o esguerío caldo do bazuncho pote,
visen como a familia, toda xunta,
reza o santo rosario
e roga pol-as almas xa difuntas
e pol-os nenos orfos
e pol-os desheredados da fortuna,
e pide a Dios o pan de cada día
en patriarcales súplicas...
Quixera que os meus versos
entendesen a voz calada emuda
con que as sombras da noite

moumean sordamente y as escuras
o seu "Ora pro nobis",
como oración nouturna
que corre pol-as fragas
asomellando marmullar de bruxas,
mentras nas leiras o Silencio dorme
y-as valgadas se esfuman
y-os agoiros despertan
y-as fadas todas xogan e rebuldan;
mentras nos piñeirales
tece e destece a lua
os seus fios de lus entr'a pinica
formando as máis patásticas figuras,
o tempo que alá enriba parpadexan
e estrelecen e trunfan
os ollíños do Ceo
que non se pechan nunca,
p rque os abriu pra sempre a Eternidade
y-están de cote a esculcá...

Quixera que os meus versos
chegasen as concencias máis escuras,
e despertasen n'elas
...as vo untades murchas,
e prendesen nas almas
as arelas patrióticas máis xurdias,
e rezasen a eito
a pregaría eucarística e litúrxica
do santo amor a todo canto é noso
y-a todo canto en os vive e perdura,
pra que así nos sentisemos
nas xornadas futuras
mais grandes e máis donos de nós mesmos
diante da nova lus que nos alumia
diante da nova Era
que os feitos dos pobos nos anuncian.

Quixera que os meus versos
fosen canción de chuvia
que cae mainiñamente na outonada
sóbora das follas murchas,
cando os campos s'esconden entr'a brétema
y-o paisaxe se viste de tristura
y-o vento folaineiro
na carballeira funga
en tanto a Terra Virxe,
xa feita Nai, recreíase na sua
nobra Maternidade,

Quixera que os meus versos se trocasen
en oraciós xinselamente rudas,
en Oraciós dos campos.
que os fouciños pronuncian
y-os mayos cantan diante do altar das eiras
como unha doce e mística canturria
que sona agasalleira pol-os eidos
a fecundante música
oraciós campesiñas,
inspiración das galicianas musas;
que saben de infortunios
e saben de penurias
e saben de traballos
que soilo os probes con paciencia aturan
e saben ben de maus que se encallecen
mentrl-as frentes suan,
e hastra saben de corpos engoumados
que enriba dos arados se debruzan
por devoción a Terra
Nosa Santa Señora da Fartura

*Quixera que os meus versos,
limpos de compostura,
fosen as oraciós que a decotío
se rezan nas seiturás,
e dan animación a lagaradas
trocando en viño as uvas
e brican pol-os agros
co alqueireiro troulear das escarilas,
e teñen morna craridá d'aurora
e maina lus de lua;
oraciós que nos falan d'espadelas
e nos cantan cantares de debullas,
e garda o arrecendo
da Nai Terra en lentura,
da Terra remexida e consagrada
no rito das decruás;
d'esta Terra baril, Nai da Saudade,
que tanto vive en nós e nos embruxa,
queremos que seia o noso berce
y-a nosa sepultura...
¡pra saber que os rezos milagreiros
inda despois de mortos nos arrulan!*

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Antonio Palacios

Foi noso hóspede durante uns días este distinto e ilustre arquitecto galego. Aquí foi agasallado e tivo ocasión de falar dos proxectos que se pensan levar á práiteca na Cruña e d'aquelas obras que, como a Cibdade Xardín e o tranvía a Sada, están sendo unha xudia realidade.

Palacios, co'a súa visión crarísima, tén esperanza de que

se chegrará á creación de tres grandes cibdades en Galicia. A Cruña, Vigo e Villagarcía.

Das dúas derradeiras ten ultimado xá uns proxectos-vi-siós que son todo un poema de grandeza e maxestade. Da Cruña faraía tamén.

Aspira igualmente, e foi unha xenial idea súa, a que se constituirán tres museos na Nosa Terra. O de Arte moderna na Cruña, histórico en Santiago e industrial en Vigo. Eis aquí algo tan grande e tan necesario no que xá debían estar traballando os municipios das referidas cibdades.


No banquete que no seu honor celebrouse, Palacio falou extensamente de canto il pensaba do progreso de Galicia e do seu intenso amor pol-a Terra; e puxo de releve a falta de patriotismo dos nosos ex-concexales que bautizaron o monte de Santa Margarita con un nome extranxeiro, anque ilustre. Non é esta a primeira vez que lle ouvimos falar así xá que de todos conoxido é o seu gran cariño a Galicia e ás súas cousas.

Palacios é un galego ilustre que honra á Terra onde naceu; e pola que traballa canto pódese e lle permiten as súas moitas ocupaciós. Na súa profesión é dos que van á cabeza en Hespaña e así o certifican obras e traballos por él realizados que son a admiración de todos. Decir so-mentes Palacio é d'abondo para falar da súa persoalidade que non precisa de mais verbas.

Sirvan estas humildosas liñas para lle manifestar unha vez mais ao ilustre arquitecto o cariño que lle profesamos e a admiración que nos inspira a nós que tamén como él aspiramos a unha Galicia grande e digna esperando moito d'él para conquistar ao fin de tan nobre obra.

IMPRESA MORET - MARINA, 28 - A CRUÑA

Loza inglesa para cuartos de baño



escrusiva de

“Royal Doulton Potteries“

primeira fábrica de Inglaterra

V^{da} de Novoa

Visitade a exposición

permanente en

Payo Gómez, 9

A CRUÑA

a mais importante do Norte de Hespana

Os viños e coñas millores
os que exporta a casa PEDRO DOMECCQ de Xerez da
Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouthe máis selecto
de mundial e reconocida sonda é o Cinzano (Torino).

Para viños de mesa
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)
Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA—MADRID
Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

José C. Juncosa
Galera 39 e 41 - 2.º piso—A Cruña

Sombrerería LEMUS

SAN ANDRÉS 74

A CRUÑA

BANCO HISPANO AMERICANO

==== MADRID ====

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón
Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida,
Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tarrasa, Tudela, Valdepeñas, Valencia,
Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza,

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros.—ustodia de alhaxas e valores.—Desconto e cobro de cupós, títulos
amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras.—Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países.—Cobro e desconto
de letras.—Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e extranxeiros.—Contas correntes en pesetas nas que abona
intreses aos tipos seguintes:

2	por 100	ao ano nas cartas disponibles,	à vista.
2 1/2	por 100	id.	id. a 3 meses data.
2 3/4	por 100	id.	id. a 6 id.
3	por 100	id.	id. a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES

FUNDADA EN 1886

TEN SUCURSAES NOS PUNTOS SEGUINTE:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTA FÉ, BAHÍA BLANCA.
e principais prazas da República
NO URUGUAY: MONTIVIDEO

ENEUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XENOVA,*E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operaciós bancarias nas con
diciós máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas extranxeiras a tipos
excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por 100
En Caixa de aforros, con libreta hasta 1.000 pesetas.	3	» »
En prazo fixo de tres meses	3	» »
Idem id. 6 meses	3 1/2	» »
Idem id. un ano.	4	» »
A máis prazo		convencional

Dirección telegráfica é telefónica: SPAINBANK.

Vida Marítima e Comercial

Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correos a os portos do BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES
PROISIMAS SAIDAS DA CRUÑA

Ademitiendo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

(Incluídos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: *Roxelio Fernandez Conde*.—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.

Sud-Atlantica

Y

Chargeurs Reunis

PROXIMAS SALIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices.

Precios en terceira crase (Incluídos impostos)

(Suxetos as variacións do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e café cuberto, independentes. Precio n-esta clase: é o corrente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e cantinas: o precio de 452'60 ptas, incluídol-os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas instalacións a quen aspida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerales en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs*.

Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para *Pernambuco, Bahía Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires*.

Precio en terceira crás
(incluídos impostos)

Correo rápido	ZEELANDIA	9 Agosto	482,60 ptas.
Correo rápido	ORANIA	30 Agosto	482,60 ptas.
Correo rápido	GELRIA	20 Sepbre.	482,60 ptas.
Correo rápido	FLANDRIA	4 Octubre	482,60 ptas.
Correo rápido	ZEELANDIA	18 Octubre	472'60 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, intermedia e 3.^a crás. O vapor «Zeelandia» somentes admite carga e pasaxeide 1od^a 3e si intermeia .^a crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas, resguardadas, cuartos de baño, duchas etc, levando para servicio dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cocineiros hespañoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maores de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Axente xeneral da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

Sobriños de José Pastor BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.ª

Casa central: A CRUÑA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... } Urbano 75 e 78
 } Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1

Teléfono 253